



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 31 de OUTUBRO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trinta e un de outubro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(822).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión sesión extraordinaria e urxente do 23 de outubro e ordinaria do 24 de outubro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(823).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19157/101.

Visto o informe xurídico do 17/10/2025 e o informe de fiscalización do 27/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/10/2025, asinado pola xefa do

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 1 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

"Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) os lotes 1, 2, 5 e 6 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6) coas seguintes condicións:

- LOTE 1: Servizo de catering para almorzo ou "coffe break" (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento)

- a) O prezo máximo do lote é de 10.540,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 958,24 euros, cun prezo unitario de 4,91 euros.*
- b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 4 unidades.*
- c) Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 2 unidades.*

- LOTE 2: Servizo de catering para cafés e infusións para roldas de prensa

- a) O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 2,36 euros.*
- b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) en 3 unidades.*
- c) Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 1 unidade.*

- LOTE 5: Servizo de catering para xantar ou cea

- a) O prezo máximo do lote é de 39.527,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.593,40 euros, cun prezo unitario de 35,34 euros.*
- b) Incrementa o nº de unidades de entremeses varios salgados sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (4 unidades) en 3 unidades.*
- c) Incrementa o nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades) en 3 unidades.*
- d) Incrementa o número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa) en 1 unidade.*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 2 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- *LOTE 6: Bolsa "brunch" ou almozos empaquetados para eventos informais fora de instalacións municipais*

- a) *O prezo máximo do lote é de 12.648,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.149,89 euros, cun prezo unitario de 9,56 euros.*
- b) *Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 1 unidade.*

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Os contratos para cada un dos catro lotes (1, 2, 5, e 6) formalizáronse en documento administrativo asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (11 de novembro de 2022).

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

Segundo.- Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) coas seguintes condicións:

- *LOTE 4: Servizo de catering para vino español*

- a) *O prezo máximo do lote é de 18.446,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.676,92 euros, cun prezo unitario de 16,23 euros.*
- b) *Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP) en 4 unidades*
- c) *Incrementa o número de bocados doces por persoa (2 bocados) segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP en 3 unidades*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

O contrato para o lote 4 formalizáronse en documento administrativo en data 23 de novembro de 2022, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (24 de novembro de 2022).

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 3 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Os contratos para os lotes 1, 2, 4, 5 e 6 poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

"Primeiro.- Adxudicar a LUCIMARCA, S.L. (B-66.000.498) os lotes 3 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) coas seguintes condicións:

- LOTE 3: Servizo de catering para aperitivo ou cóctel con doces

a) O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 13,00 euros.

- LOTE 7: Subministro de augas embotellada de 500 ml para actos, eventos e reunións

a) O prezo máximo do lote é de 2.635,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 239,56 euros, cun prezo unitario de 0,25 euros.

Os contratos para os lotes 3 e 7 formalizáronse en documento administrativo en data 28 de novembro de 2022, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (29 de novembro de 2022).

Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 10 de novembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga do "servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)" para os seguintes LOTES:

***1.- LOTES 1, 2, 5 e 6** adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal,*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 4 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

2.- LOTE 4 adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxo contrato foi asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo comprendido entre os días 24 de novembro do 2023 e 23 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

3.- LOTES 3 e 7 adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo comprendido entre os días 29 de novembro do 2023 e 28 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

Quinto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 25 de outubro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a segunda prórroga do “servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)” para os seguintes LOTES:

1.- LOTES 1, 2, 5 e 6 adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2024 e 10 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

2.- LOTE 4 adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxo contrato foi asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo comprendido entre os días 24 de novembro do 2024 e 23 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

3.- LOTES 3 e 7 adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo comprendido entre os días 29 de novembro do 2024 e 28 de novembro de 2025, ambos os dous incluídos.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 5 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Sexto.- En data 22 de setembro de 2025, comunícase ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN S.L, a finalización do prazo dos contratos correspondentes aos LOTES 1, 2, 5 e 6, previsto para o día 10 de novembro 2025, e máis a finalización do prazo inicial do contrato do LOTE 4 previsto para o día 23 de novembro de 2025. Así como o inicio da terceira e última prórroga dos lotes 1, 2, 4 e 6 polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos. E máis a terceira e última prórroga para o LOTE 4 entre o período comprendido entre os días 24 de novembro de 2025 ao 23 de novembro de 2026.

Quinto.- En data 22 de setembro de 2025, comunícase a LUCIMARCA S.L, a finalización do prazo dos contratos correspondentes aos LOTES 3 e 7 prevista para o día 28 de novembro 2025. Así como o inicio da terceira e última prórroga dos LOTES 3 e 7 comprendido entre os días 29 de novembro do 2025 e 28 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos.

Sexto.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 6 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

A empresas foron comunicadas da finalización dos prazo dos contratos e do inicio da segunda prórroga:

- En data 22 de setembro de 2025, comunícase ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN S.L, a finalización do prazo dos contratos correspondentes aos LOTES 1, 2, 5 e 6, previsto para o día 10 de novembro 2025, e mais a finalización do prazo inicial do contrato do LOTE 4 previsto para o día 23 de novembro de 2025. Así como o inicio da terceira e última prórroga dos lotes 1, 2, 4 e 6 polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos. E máis a terceira e última prórroga para o LOTE 4 entre o período comprendido entre os días 24 de novembro de 2025 ao 23 de novembro de 2026.
- En data 22 de setembro de 2025, comunícase a LUCIMARCA S.L, a finalización do prazo dos contratos correspondentes aos LOTES 3 e 7 prevista para o día 28 de novembro 2025. Así como o inicio da terceira e última prórroga dos LOTES 3 E 7 comprendido entre os días 29 de novembro do 2025 e 28 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos.

Cuarto.- En data 26 de setembro de 2025 a empresa GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L., manifesta formalmente a súa conformidade e compromiso coa prórroga correspondente aos lotes 1, 2, 4, 5 e 6 do expediente 19157 /101, nos termos e condicións establecidos no contrato vixente.

PROPOSTA

Polo exposto, considérase conveniente polos que subscriben, a proposta da terceira e última prórroga do *servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)* dos seguintes lotes e polos períodos que se detallan a continuación:

Primeiro.- O comprendido entre os días 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos; para os **LOTES 1, 2, 5 e 6** adxudicado ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.

Segundo.- O comprendido entre os días 24 de novembro do 2025 e 23 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos para o **LOTE 4** adxudicado ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 7 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Terceiro.- O comprendido entre os días 29 de novembro do 2025 e 28 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos para os **LOTES 3 e 7** adxudicado a LUCIMARCA S.L.

Toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Cuarto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- O importe da prórroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía correspondente ou a sua bolsa de vinculación seguintes:

- LOTE 1 por importe de 10.540,64 €, sendo a cota de IVE de 958,24 € polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026 ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 2 por importe de de 13.175,80 €, sendo a cota de IVE de 1.197,80 € polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 3 por importe de 13.175,80 €, sendo a cota de IVE de 1.197,80 €, polo período comprendido entre o 29 de novembro do 2025 e 28 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos a favor de LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)
- LOTE 4 por importe de 18.446,12 €, sendo a cota de IVE de 1.676,92 €, polo período comprendido entre os días 24 de novembro do 2025 e 23 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 5 por importe de 39.527,40 € sendo a cota de IVE de 3.593,40 €, polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 6 por importe de 12.648,76 € sendo a cota de de IVE de 1.149,89 €, polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).





CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- LOTE 7 por importe de 2.635,16 €, sendo a cota de IVE de 239,56 €, polo período comprendido entre o 29 de novembro do 2025 e 28 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos a favor de LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498).

a) O gasto que representa a terceira e última prórroga no exercicio económico do ano **2025**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2025
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.177,80	457,34	2.635,14 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.722,26	571,68	3.293,94 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	3	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	2.722,26	571,68	3.293,94 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	4	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	3.811,17	800,34	4.611,51 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	5	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	8.166,82	1.715,03	9.881,85 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	6	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.613,37	548,81	3.162,18 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	7	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	544,44	112,33	658,77

b) O gasto que representa a terceira e última prórroga no exercicio económico do ano **2026**, para cada LOTE é o seguinte:

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 9 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2026
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Gobierno)	1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	6.533,47	1.372,03	7.905,50 €
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Gobierno)	2	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	8.166,83	1.715,03	9.881,86 €
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Gobierno)	3	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	8.166,83	1.715,03	9.881,86 €
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Gobierno)	4	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	11.433,56	2.401,05	13.834,61 €
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Gobierno)	5	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	24.500,46	5.145,09	29.645,55€
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Gobierno)	6	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	7.840,15	1.646,43	9.486,58€
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Gobierno)	7	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	1.633,38	343,01	1.976,39 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a terceira e última prórroga do “servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)” para os seguintes LOTES:

1.- LOTES 1, 2, 5 e 6 adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira da Área de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 10 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos.

2.- LOTE 4 adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxo contrato foi asinado pola Concelleira da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 24 de novembro do 2025 e 23 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos.

3.- LOTES 3 e 7 adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 29 de novembro do 2025 e 28 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación os seguintes importes totais para cada LOTE:

- LOTE 1 por importe de 10.540,64 €, sendo a cota de IVE de 958,24 € polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 2 por importe de de 13.175,80 €, sendo a cota de IVE de 1.197,80 € polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 3 por importe de 13.175,80 €, sendo a cota de IVE de 1.197,80 €, polo período comprendido entre o 29 de novembro do 2025 e 28 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos a favor de LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)
- LOTE 4 por importe de 18.446,12 €, sendo a cota de IVE de 1.676,92 €, polo período comprendido entre os días 24 de novembro do 2025 e 23 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 5 por importe de 39.527,40 € sendo a cota de IVE de 3.593,40 €, polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 11 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- LOTE 6 por importe de 12.648,76 € sendo a cota de de IVE de 1.149,89 €, polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2025 e 10 de novembro de 2026, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 7 por importe de 2.635,16 €, sendo a cota de IVE de 239,56 €, polo período comprendido entre o 29 de novembro do 2025 e 28 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos a favor de LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)

a) O gasto que representa a segunda prórroga no exercicio económico do ano **2025**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2025
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.177,80	457,34	2.635,14 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.722,26	571,68	3.293,94 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	3	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	2.722,26	571,68	3.293,94 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	4	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	3.811,17	800,34	4.611,51 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	5	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	8.166,82	1.715,03	9.881,85 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	6	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.613,37	548,81	3.162,18 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	7	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	544,44	112,33	658,77

b) O gasto que representa a segunda prórroga no exercicio económico do ano **2026**, para cada LOTE é o seguinte:





CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2026
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Goberno)	1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	6.533,47	1.372,03	7.905,50 €
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Goberno)	2	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	8.166,83	1.715,03	9.881,86 €
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Goberno)	3	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	8.166,83	1.715,03	9.881,86 €
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Goberno)	4	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	11.433,56	2.401,05	13.834,61 €
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Goberno)	5	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	24.500,46	5.145,09	29.645,55€
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Goberno)	6	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	7.840,15	1.646,43	9.486,58€
912.0.226.01.0 0 (Gastos Órganos de Goberno)	7	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	1.633,38	343,01	1.976,39 €

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse ás empresas GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) adxudicataria dos lotes 1, 2, 4, 5, e 6 ; e a empresa LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498) adxudicataria dos lotes 3 e 7, indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 13 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(824).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL". EXPTE. 2246/441.

Visto o informe de fiscalización de data 23/10/2025, sometese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Substitución do material de cobertura da cuberta do graderío do campo de fútbol do complexo polideportivo de Samil" (2246-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Substitución do material de cobertura da cuberta do graderío do campo de fútbol do complexo polideportivo de Samil" (2246-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de xuño de 2026 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 14 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DA CUBERTA DO GRADERÍO DO CAMPO DE FÚTBOL DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10.03.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CIENTO TRINTA MIL SETECENTOS SESENTA E CINCO EUROS con CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (130.765,44 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 22.694,83 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo do exercicio 2025, con cargo á aplicación orzamentaria 3420.6320011 (Invest. Mellora inst. Deportivas) – proxecto de gasto 25342008, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	130,765.44 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 2 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Substitución do material de cobertura da cuberta do graderío do campo de fútbol do complexo polideportivo de Samil" (2246-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL	99.20
2	SERFESA 2010 SL	66.34

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 15 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, o día 3 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida o 8 de outubro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución do licitador e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (129.684,73 euros) e técnica e profesional (130.765,44 euros), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa acreditan a clasificación C-4-3 cunha categoría superior á prevista.
- Seguro de caución por un importe de 4.750,00 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- O certificado de inscrición do licitador no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público no que consta que o licitador non está incurso en prohibición de contratar.
- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT e ATRIGA e coa Seguridade Social.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 23 de setembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 16 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 e 22 de setembro de 2025 e 29 de setembro, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a OMAIN CONSTRUCCIÓN SOSTENIBLE, SL o procedemento aberto para a contratación das obras de "Substitución do material de cobertura da cuberta do graderío do campo de fútbol do complexo polideportivo de Samil" (2246-441) por un prezo total de 114.950,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.950,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(825).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DO PROGRAMA COEDUCATIVO DIRIXIDO A PROMOVER A CULTURA DA IGUALDADE E FOMENTAR A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA: "CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE". EXPTE. 13657/224.

Visto o informe de fiscalización de data 28/10/2025, sometese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 23/10/2025, que di o seguinte:

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 17 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto do servizo do programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (13657-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, SL o 10 de outubro de 2025. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional (dos medios persoais e materiais) e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figura no expediente o certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo e o certificado de inscrición no Rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia onde figuran os certificados positivos de cumprimento de obrigas tributarias (AEAT e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo do programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (13657-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 18 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

"Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do "Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade".

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 07.08.2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 16 de xullo de 2025, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola Concelleira da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.

Tercero.- Autorizar o gasto por importe total de 39.605,00 € para facer fronte á contratación da xestión do "Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade", que se imputará con cargo ao orzamento do Servizo de Igualdade distribuído do seguinte xeito: o importe de 13.201,67 €, con cargo á partida "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade e o importe de 26.403,33 €, cargo á partida "Plan municipal de Igualdade" 2311 2279906 do orzamento futuro do Servizo de Igualdade, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal do exercicio 2026.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 10 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo do programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (13657-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, SL	92.50
2	FOROX INNOVACION, SL	73.98

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 19 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscripción dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, SL, o día 10 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida os días 14 e 20 de outubro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución e estatutos xunto coa escritura de cambio de denominación social e apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (27.723,50 euros), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (27.723,50 euros), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP. Consta informe da xefa do Servizo de Igualdade de data 20 de outubro de 2025 no que conclúe que se consideran “suficiente e debidamente acreditados”.
- Formulario de autoliquidación por un importe de 1.980,25 euros que cobre a garantía definitiva requirida.
- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT e ATRIGA e coa Seguridade Social.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivos de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 23 de setembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 20 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 de setembro e 6 de outubro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, SL o procedemento aberto do servizo do programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (13657-224) coas seguintes condicións:

- O prezo máximo do contrato é de 39.605,00 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto do 10,06% a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3I do Anexo I -FEC- do PCAP relativo ao prezo hora de impartición de talleres.
- Incrementa a experiencia laboral do/a profesor/a de taller a adscribir ao servizo por enriba da esixida no apartado 5.F (50 horas) na realización de*

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 21 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

obradoiros/charlas/cursos de promoción da igualdade de xénero e a prevención da violencia de xénero dirixidos a menores nas etapas de educación infantil e/ou primaria e/ou secundaria en 356 horas (profesional 1) e 377 horas (profesional 2).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(826).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PAPÁ NOEL E CARTEIRO REAL DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL 2025-2026 E 2026-2027. EXPTE. 11279/106.

Visto o informe de fiscalización de data 23/10/2025, sometese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

e) Procedemento aberto do servizo de Papá Noel e carteiro real durante as campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027 (11279-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de Papá Noel e carteiro real durante as campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027 (11279-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de Papa Noel e Carteiro Real durante as Campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 22 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (99.750,22 euros), segundo a seguinte distribución de anualidades:

LOTE 1

Anualidade	Total C/IVE
2025	33,219.87 €
2026	36,024.92 €
2027	2,138.87 €
TOTAL	71,383.76 €

LOTE 2

Anualidade	Total C/IVE
2025	10,685.41 €
2026	14,198.62 €
2027	3,482.43 €
TOTAL	28,366.46 €

TOTAL	Total C/IVE
LOTE 1	71,383.76 €
LOTE 2	28,366.46 €
TOTAL	99,750.22 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 10.09.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 17.09.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 43.905,28 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL" e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL", crédito por importe de 50.223,54 € e 5.621,30 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 16 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo de Papá Noel e

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 23 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

carteiro real durante as campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027 (11279-106) na seguinte orde descendente:

- Lote 1

	Licitador	Puntuación total
1	LA FIESTA ESCÉNICA, SLU	92,52
2	EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS, SL	89.57

- Lote 2

	Licitador	Puntuación total
1	LA FIESTA ESCÉNICA, SLU	100

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LA FIESTA ESCENICA, SLU (Lotes 1 e 2), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, LA FIESTA ESCÉNICA, SLU, o día 16 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida os días 16 e 20 de outubro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución do licitador e os estatutos xunto co apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (98.925,85 euros), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (99.750,22 euros) consta informe do Servizo de Comercio de data 20 de outubro de 2025 de boa



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 24 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

execución dun contrato similar realizado en 2024 por importe superior ao esixido.

- Solicitud de retención do importe das garantías definitivas no prezo do contrato (lotes 1 por importe de 2.625,27 euros e lote 2 por importe de 1.043,23 euros).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 23 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LA FIESTA ESCÉNICA, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LA FIESTA ESCÉNICA, SLU, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 15 de outubro de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 25 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a LA FIESTA ESCÉNICA, SLU os dous lotes do procedemento aberto do servizo de Papá Noel e carteiro real durante as campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027 (11279-106) coas seguintes condicións:

- Lote 1: Estancia Papa Noel e Carteiro Real na súa casa instalada na zona centro da cidade

1.- O prezo total do lote é de 63.531,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.026,14 euros.

2.- Incrementa o número mínimo das horas de prestación do servizo de figurante Papa Noel ou Carteiro Real en 74 horas.

3.- Incrementa o número mínimo das horas de prestación do servizo dos auxiliares Elfos/Paxes con atrezzo en 148 horas.

4.- Incrementa o número mínimo de unidades de moedas de chocolate con leite esixidas (30.000 unidades) en 15.000 unidades.

- Lote 2: Visita Papá Noel e Carteiro Real a outras zonas comerciais da cidade mediante un vehículo móbil decorado con ambientación de Nadal

1.- O prezo total do lote é de 25.246,15 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.381,56 euros.

2.- Incrementa o número mínimo das horas de prestación do servizo de figurante Papa Noel ou Carteiro Real en 34 horas.

3.- Incrementa o número mínimo das horas de prestación do servizo dos auxiliares Elfos/Paxes con atrezzo en 68 horas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(827).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 99211/332.

Visto o informe xurídico de data 20/10/2025 e o informe de fiscalización do 27/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 26 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Con data 13 de agosto de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolve autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación do expediente administrativo para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 13/08/2025.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 13/08/2025 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e polos concelleiros das Áreas de Goberno de Educación e de Orzamentos e Facenda, de data 19/08/2025.
- Documentos contable RCFUT 1202500106131 por importe de 1.269.844,08 euros de data 21/08/2025.
- Memoria xustificativa, asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de Educación o 25/08/2025.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e cinco Anexos, de data 25/08/2025, redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración da redactora do PPT, de data 25/08/2025.
- Anuncio de información previa, publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 02/10/2025.
- Informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 02/10/2025, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 15/10/2025, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: A xestión parcial da Escola Infantil Municipal de “Navia”, que comprende a atención total dos/das nenos e nenas que se escolarizarán nela, tanto nos aspectos educativos previstos na Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) para o primeiro ciclo de educación infantil, como na súa alimentación, coidado e hixiene dentro do horario das escolas, e a xestión e administración dos centros baixo a coordinación do Servizo de Educación, e de acordo cos requisitos contidos neste prego e no de prescricións técnicas.

Duración: A duración do contrato será de catro anos; existindo a posibilidade dunha prórroga dun ano.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 27 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 317.461,02 euros, exento de IVE, polo que o prezo total do contrato é de 1.269.844,08 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9905 (EIM Navia).

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro, de contratos do sector público. A resolución segundo o artigo 117 da Lei 9/2017 deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 25/08/2025, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/10/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 1.269.844,08 euros, exento de IVE, para a contratación do servizo de xestión da Escola Infantil Municipal de Navia, con cargo ás aplicación orzamentaria 3230.227.990 (EIM Navia), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

ANUALIDADE	Importe (exento de IVE)
2026 (7 meses y 23 días)	224.146,72
2027 (11 meses)	317.461,02
2028 (11 meses)	317.461,02
2029 (11 meses)	317.461,02
2030 (03 meses y 7 días)	93.314,30
Total	1.269.844,08 €

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(828).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO “C” NOS COLEXIOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 26213/332.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 28 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Visto o informe de fiscalización do 27/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 13/10/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola letrada-titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de outubro de 2022, aprobou o expediente de contratación da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (expediente 26213/332), por procedemento aberto, así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 19/09/2022 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 06/10/2022 que rexen a licitación, aprobando tamén o gasto por importe de 88.556,14 euros e acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 5 de xaneiro de 2023 acordou adxudicar a ESERGUI DISTESER, S.L.U. (B-95.799.664) o procedemento aberto para a contratación da subministración de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26213/332) por un prezo máximo de 88.556,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.369,25 euros e cun desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) do 4,5%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 27/10/2022 e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...). "

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) PRAZO TOTAL: Dous (2) anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: tres (3) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 1 de febreiro de 2023 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *"O prazo do contrato é de dous anos. O inicio do contrato é o día 1 de febreiro de 2023. Están previstas como máximo tres (3) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha."*

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 29 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

5.- Primeira prórroga do contrato. A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 4 de novembro de 2024 acordou aprobar a primeira prórroga do contrato para a subministración de gasóleo tipo C nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo (expte. 26213/332), para o período comprendido entre o 01/02/2025 e o 31/01/2026.

6.- Preaviso da segunda prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”*

En data 13 de outubro de 2025, a contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a segunda prórroga dun ano para o contrato da subministración de gasóleo tipo C nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, conforme ao estipulado no mesmo .

7.- Prestación do contrato: A prestación do contrato de subministración de gasóleo tipo C nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo por parte da empresa actualmente adxudicataria (Esergui Disteser S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade da prestación mediante a materialización da segunda prórroga dun ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/02/2026 e o 31/01/2027.

8.- Prezo: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 88.556,14 euros, sendo o prezo por anualidade de 44.278,07 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato (FEC) indicase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a segunda prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 44.278,07 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 40.588,23 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2026 (do 1 de febreiro ata 31 de decembro) e 3.689,84 euros con cargo ao exercicio 2027 (do 1 ao 31 de xaneiro) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.221.0300 (Combustibles e carburantes) dos exercicios 2026 e 2027, conforme á anterior división.

9.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, conformado pola Asesoría Xurídica e previo informe da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para a subministración de gasóleo tipo C nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo (expte. 26213/332), adxudicado a Esergui Disteser S.L., CIF B-95.799.664, para o período



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 30 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

comprendido entre o 01/02/2026 e o 31/01/2027, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Asumir o compromiso de incluír nos orzamentos dos exercicios futuros o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 44.278,07 euros (36.593,45 euros máis 7.684,62 euros en concepto de IVE) correspondente a esta prórroga, co seguinte desglose por anualidades:

- No exercicio orzamentario 2026 (de 01/02 a 31/12): 40.588,23 euros;
- No exercicio orzamentario 2027 (de 01/01 a 31/01): 3.689,84 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(829).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ADQUISICIÓN DA OBRA “BARCA ESPACIAL” DO PINTOR JOSÉ OTERO ABELEDO LAXEIRO. EXPTE. 7850/337.

Visto o informe xurídico de data 21/10/2025 e o informe de fiscalización do 27/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/10/2025, asinado polo director do Museo, o xefe de Museos Municipais e conformado polo concelleiro delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 15 de outubro de 2024.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 31 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Memoria económica de data 15 de setembro de 2025, asinada polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificado de retención de crédito de data 16 de setembro de 2025 (operación RC nº 12025000116302).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 16 de setembro de 2025, asinado polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Memoria xustificativa, de data 8 de outubro de 2025, asinada polo director do museo municipal, o xefe do servizo de Museos, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe, de data 8 de outubro de 2025, da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16 de outubro de 2025, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xuño de 2024, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros

delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 12 de setembro de 2025 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación por procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra “Barca espacial” do pintor José Otero Abeledo Laxeiro.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo director do museo municipal “Quiñones de León”, conformada polo xefe de servizo de museos e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 32 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase entre outras cuestións:

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP).
- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da non fixación dos criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas (só cando son distintos aos previstos con carácter xeral nos pregos ou ben no RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, polo seu obxecto corresponde ao tipo de subministros previsto no artigo 16 da LCSP, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento negociado sen publicidade, en base ao regulado no artigo 168, a) 2º da LCSP, coa mandataria verbal designada polos propietarios da obra (Lucía Fraga Lago). O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP.

Oitavo: De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 21 de outubro de 2024.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 33 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do xefe do servizo de museos, do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra “Barca espacial” do pintor José Otero Abeledo Laxeiro.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 16 de setembro de 2025, redactado polo director do museo municipal “Quiñones de León”.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 16 de outubro de 2025, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **120.000 € (cento vinte mil euros)**, sendo o IVE (10%) a soportar pola administración 10.909,09 €, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 “adquisición de obra artística” do orzamento municipal vixente.

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(830).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO Á XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS. EXPTE. 12299/320.

Visto o informe xurídico de data 07/10/2025 e o informe de fiscalización do 22/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 06/10/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e conformado polo concelleiro delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 34 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 30 de xullo de 2025, coa conformidade do Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, a Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas asinou a orde de iniciar o expediente de *“CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS E CONVENIOS TRAMITADOS POLA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”*.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.
2. Memoria económica do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, en data 05/08/2025.
3. Certificado de existencia de crédito do 26/08/2025 (RC núm. 12025000106641).
4. Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 28/08/2025.
5. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 28/08/2025.
6. Memoria xustificativa do contrato, cos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, polo Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos, e pola Quinta tenente de Alcalde e Concelleira

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 35 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas en data 28/08/2025.

7. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos de data 25/09/2025.
8. Prego de cláusulas administrativas asinado en data 06/10/2025 pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia consta delegada por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración, modificada o 25/09/2025 e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo modificada o 25/09/2025, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 e posteriores modificacións por acordo de 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024, 28 de xuño de 2024, 13 de xuño de 2025 e de 25 de setembro de 2025 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados, polo que a Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, autorizou o pasado día 30 de xullo o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como





CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º. Aprobado o expediente de contratación (12299-320) por procedemento aberto simplificado abreviado do “SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS E CONVENIOS TRAMITADOS POLA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

2º. Aprobado o prego de prescricións técnicas particulares do 28 de agosto de 2025 e o prego de cláusulas administrativas de 6 de outubro de 2025, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS E CONVENIOS TRAMITADOS POLA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

3º. Aprobado o gasto de 21.896,12 € para a contratación do “SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS PROXECTOS SUBVENCIONADOS CON CARGO ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS E CONVENIOS TRAMITADOS POLA UNIDADE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279906 SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo do ano 2025 e con cargo á bolsa de vinculación.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(831).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES. EXPTE. 12235/320.

Visto o informe de fiscalización do 23/10/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data , que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto da substitución de equipos de climatización do centro cultural e veciñal de Valadares do Concello de Vigo (12235-320) (emenda documentación)

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 37 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto da substitución de equipos de climatización do centro cultural e veciñal de Valadares do Concello de Vigo (12235-320)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de agosto de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación (12235-320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria da "SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES DO CONCELLO DE VIGO".

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas de 16 de xullo de 2025, que rexerán a contratación da "SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES DO CONCELLO DE VIGO".

3º.- O importe máximo do contrato é de 167.582,22 € (IVE INCLUÍDO) para a contratación da "SUBSTITUCIÓN DE EQUIPOS DE CLIMATIZACIÓN DO CENTRO CULTURAL E VECIÑAL DE VALADARES DO CONCELLO DE VIGO", con cargo á aplicación orzamentaria 9240 6330000 CLIMATIZACIÓN CSC VALLADARES dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo do ano 2025.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 26 de setembro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da no admisión de INSIS GLOBAL 2008, SL, acordada pola Mesa de Contratación na súa sesión do 11 de setembro de 2025, por non emendar correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos tal e como lle foi requirido pola propia Mesa de Contratación en data 28 de agosto de 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 38 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto da substitución de equipos de climatización do centro cultural e veciñal de Valadares do Concello de Vigo (12235-320) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)
1	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, SA	123.100,21 €
2	DESEÑO ENXEÑARÍA E XESTIÓN DE OBRAS, SL	123.780,77 €
3	ACEUVE, SLU	124.500,00 €
4	TERMOCALOR VIGO, SL	130.187,84 €
5	OHL SERVICIOS INGESAN, SA	136.357,16 €

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, SA, o día 26 de setembro de 2025, que presenta a documentación requirida o 8 de outubro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 15 de outubro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, SA para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia técnica e profesional. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación en prazo.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 39 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figuran os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT e ATRIGA e coa Seguridade Social.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (96.948,39 euros), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (117.307,554 euros), presentan certificado de boa execución do ano 2024 por importe que supera esta cantidade.
- Aval por un importe de 6.155,01 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 23 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar **SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, SA**, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 40 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, SA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 16 de setembro de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón da non admisión de INSIS GLOBAL 2008, SL, acordada pola Mesa de Contratación na súa sesión do 11 de setembro de 2025, por non emendar correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Segundo.- Adxudicar a SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO, SA o procedemento aberto mixto da substitución de equipos de climatización do centro cultural e veciñal de Valadares do Concello de Vigo (12235-320) por un prezo total do contrato é de 148.951,25 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.851,04 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(832).- PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE SUSPENSIÓN PROVISIONAL DA EXECUCIÓN DE SANCIÓN DISCIPLINARIA. EXPTE. 96123/212.

Omitese o contido deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

12(833).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOÑECIMENTO MÉDICO E CONTROL DE DOPAXE NOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS. EXPTE. 47126/220.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 41 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Visto o informe xurídico de data 07/10/2025 e o informe de fiscalización do 21/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 03/10/2025, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 24 de xullo de 2025, a concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de para CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA DE SERVIZO DE RECOÑECIMENTO MÉDICO E CONTROL DE DOPAXE NOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS INCLUÍDAS NA OPE 2020-2021-2022 2ªFASE."

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola técnica de organización e xestión de RRHH, a xefa da área de RRHH e Formación, coa conformidade da concelleira de Área de Goberno, Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 24/07/2025 e do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, en data 28/07/2025.
- b) Orde de inicio de 24 de xullo de 2025 da concelleira de Área de Goberno, Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal
- c) Memoria económica do contrato asinada en data 4/08/2025 (última sinatura), pola xefa técnica de organización e xestión de RRHH, a xefa da área de RRHH e Formación, a concelleira de Área de Goberno, Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, corrixida en data 26/09/2025.
- d) Documento contable de retención de crédito de 7/08/2025 (RCFUT núm. Operación 12025000095935)
- e) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de organización e xestión de RRHH, e a xefa da área de RRHH e Formación en data 25/09/2025.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 42 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- f) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 25/09/2025, asinado p técnica de organización e xestión de RRHH, e a xefa da área de RRHH e Formación
- g) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 2 de outubro de 2025 asinada pola técnica de organización e xestión de RRHH, a xefa da área de RRHH e Formación, a concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, RRHH e Formación, e a concelleira de Área de Goberno, Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.
- h) Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 2 de outubro de 2025
- i) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 2 de outubro de 2025, asinado pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada nos concelleiros de Área por Decreto Delegación de Alcaldía de 28/06/2024, e Acordo da Xunta de Goberno Local de 13/06/2025, e concelleira de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en resolución de 24 de xullo de 2025, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de organización e xestión de RRHH e a xefa de área de RRHH e Formación e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o expediente de contratación (47126-220) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada dos SERVIZOS DE RECOÑECIMENTO

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 43 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

MÉDICO E CONTROL DE DOPAXE NOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 25 de setembro de 2025, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 2 de outubro de 2025 que rexerán a contratación de "SERVIZOS DE RECOÑECIMENTO MÉDICO E CONTROL DE DOPAXE NOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS".

3º.- Aprobar o gasto por importe de 50.125,96 euros, para a contratación de "SERVIZOS DE RECOÑECIMENTO MÉDICO E CONTROL DE DOPAXE NOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A PROVISIÓN DAS PRAZAS DE SARXENTO/A E CABO DO SPEIS", con cargo á aplicación orzamentaria 9201 2260700 GASTOS DE OPOSICIÓN E PROBAS SELECTIVAS, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito, no orzamento do 2026, coa seguinte distribución de anualidades:

- 2026: 50.125,96 euros

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(834).- LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DA XEFATURA DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 46508/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/10/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Museos Municipais, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto.

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 111, do xoves 12 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 127, do venres 4 de xullo do 2025.

Consta a presentación de recursos de reposición contra o acordo de aprobación das bases e convocatoria interpostos polos sindicatos CCOO e CIG, que teñen sido informados e resoltos en tempo e forma, e debidamente publicados nos diarios e boletíns oficiais correspondentes os acordos de desestimación dos mesmos, tal e como consta documentado no expediente electrónico.





CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Unha vez resoltos os recursos, no Boletín Oficial del Estado núm. 211, do martes 2 de setembro do 2025 consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

Rematado o prazo de presentación de instancias, exposto ao público o expediente, e segundo os documentos que obran incorporados ao expediente (trámite 199) presentáronse os seguintes aspirantes:

1.- J.M. Rey García, con DNI ***82*54*

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusamente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procedeuse a aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos (acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/09/2025) polo que trala preceptiva publicación da mesma, que foi exposta ao público dende o 07/10/2025 ao 21/10/2025, segundo certificación obrante no trámite 223 do expediente, fórmulase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva en segunda convocatoria do posto de Xefe/a de Museos Municipais, que seguidamente se recolle:

ADMITIDOS

ASPIRANTE

DNI

J.M. Rey García

***82*54*

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 45 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SEGUNDO.- Designar aos membros da comisión de valoración conforme a cláusula quinta das bases da convocatoria que de seguido se relacionan:

Presidente/a:

Titular: D. Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral Municipal

Suplente: D^a Maria de Mar Suárez del Campo, Viceinterventora xeral adxunta.

Vogais

Titular: Jerónimo Centrón Castaños, Xefe da Área de Servizos Xerais do Concello de Vigo.

Suplente: D^a Mónica Domínguez Estévez, Xefa do Servizo de Estatística.

Titular: D. Antonio Vivero Mijares, Xefe da Área de Seguridade, Mobilidade, Tráfico e Extinción de Incendios.

Suplente: D^a Elena Ares Salgado, Letrada-Asesora da Asesoría Xurídica.

Titular: D^a Beatriz Barbará Rodríguez, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Suplente: D^a Ángela Fernández López, Xefa do Servizo de Contratación.

Secretaria:

Titular: D^a Susana Gallardo Fariña, Secretaria do Goberno Local.

Suplente: D^a Pilar del Carmen Saborido Díaz, Secretaria de Administración Municipal.

TERCEIRO.- Convocar aos membros da Comisión de Valoración á sesión constitutiva e de valoración provisional dos méritos que terá lugar o día **7 de novembro de 2025 as 9:00 h** na sala de xuntas da Secretaría do Concello (primeiro andar).

CUARTO.- Contra o presente acordo, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo competentes no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e páxina web do Concello".



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 46 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(835).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO CON CARGO A PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA A ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. EXPTE. 47422/220.

Visto o informe de fiscalización do 27/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/10/2025, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente Resolución de incoación do expediente de data 23/09/2025 para o nomeamento de persoal interino para cobertura de vacante na Área de Recursos Humanos e Formación coa categoría de administrativo/a de Administración Xeral, conforme ás situacións requeridas que constan documentadas.

II.- Procedeuse ao chamamento conforme ao procedemento establecido nos criterios de xestión de listas de reserva, constando a aceptación, por orde de chamamento e en condicións de ser nomeados (segundo dilixencia ncorporada no trámite 42, de data 23/10/2025, polo que, existe un/ha candidato/a en condicións de ser nomeado/as por aceptar os chamamentos e presentar correctamente a documentación.

IV.- Consta no expediente informe técnico de verificación da non superación do límite porcentual ao nomeamento de persoal interino normativamente contemplado no art. 2.3 da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (LMURTEP) fixado no máximo do 8% das prazas estruturais e cuantificación económica do gasto de data 23/10/2025 para o nomeamento interino de un/ha administrativo/a de administración xeral para cobertura de praza vacante (art. 10.1.a) do TREBEP).

V.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 47 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”
A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 48 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa ***“La existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4.”*** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que ***“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”***

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.a) do TREBEP, procede o nomeamento interino pola existencia de praza vacante

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómasse como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional obxecto de nomeamento, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 13.03.2023; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 179– técnico/a de xestión.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal– realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 49 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Consta realizado o ofrecemento do posto correspondente á dotación 98 (vacante OEP 2025) na orde de prelación determinada na lista de reserva e, producida a súa aceptación.

O/a aspirante interesado/a e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

Así, segundo informe administrativo de verificación (trámite 95 do expediente) de data 27/01/2025 consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 47422/220 infórmase o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 50 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

(...)

- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva (Revisión integral e aprobación dos criterios de xestión das listas de reserva, BOPPO núm. 179, 19/09/2025), á vista dos datos proporcionados polo programa informático de xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento das/os candidatas/os que se relacionan a continuación, que aceptaron o nomeamento e presentaron a documentación requirida para o efecto:

Administrativa, vacante OEP 2025: **M. J. OTERO NEIRA, con NIF ***2865****

(...)“

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 23/10/2025

“O custo para 1 posto ref. RPT 2200109 ADMINISTRATIVO/A, de iniciarse a súa relación o 1/11/2025, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2025:

S.Base C2	CD 16	CE 410	Pagas extra xuño - dec.	S. social empr.	Total/posto
1,731.36 €	1,003.38 €	1,701.10 €	249.40 €	1,488.97 €	6.174,21 €

Polo que o custo total para un posto de Auxiliar CEDRO (ref. 3150107) sería de **6.174,21 €**

- Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 51 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolucións da Excm. Alcaldía de 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/09/2025.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionario/as interino/as nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: Administrativo/a de administración xeral
- Modalidade legal: funcionario/a interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á oferta de emprego público correspondente ao ano 2025 (128.2 do TRRL), salvo que proceda a súa amortización.
- Destino: Área de RRHH e Formación
- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- Custe económico: 1 Administrativos/a de Administración Xeral con cargo ás aplicacións orzamentarias 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) , de iniciarse a relación de servizo o 1/11/2025, sería o seguinte para o ano 2025:

S.Base C2	CD 16	CE 410	Pagas extra xuño - dec.	S. social empr.	Total/posto
1,731.36 €	1,003.38 €	1,701.10 €	249.40 €	1,488.97 €	6.174,21 €

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria/o interino para cobertura de praza vacante ata a provisión definitiva das prazas co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 52 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, como ADMINISTRATIVO/A á/ao candidata/o :

- **M. J. OTERO NEIRA, con NIF ***2865****

Todo elo, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo ás/aos aspirantes nomeadas/os, Xefatura da Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(836).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL DE OFICINA. EXPTE. 160/221.

Visto o informe xurídico do 17/10/2025 e o informe de fiscalización do 23/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/10/2025, asinado pola xefa do departamento administrativo de Alcaldía, e conformado pola concelleira-delegada de Atención á Cidadanía e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 53 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 4 de novembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

"Adxudicar a PAZ DISMAC, SL o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de material de oficina (160-221) por un prezo total de 52.580,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.125,60 euros e coas seguintes condicións:

a) A porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios previstos no Anexo I do PPT e aos prezos unitarios para elementos non incluídos no PPT pero pertencentes as mesma familias de materiais do contrato é do 33 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Segundo.- O contrato entre a mercantil PAZ DISMAC, S.L. e o Concello de Vigo formalizouse en documento administrativo en data 5 de novembro de 2024. Na cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 6 de novembro de 2024 e a da finalización o 5 de novembro de 2025.

Terceiro .- A cláusula cuarta do contrato contempla 1 prórroga dun ano de duración. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos, tal e como establece o art.29.2 LCSP:

Cuarto.- En data comunícase a empresa PAZ DISMAC, S.L. a finalización do prazo inicial do contrato o día 5 de novembro de 2025, e o pre-aviso da primeira e única prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, dende o 6 de novembro de 2025 ao 5 de novembro de 2026, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Quinto .- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 54 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o periodo de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

Cuarto.- A empresa PAZ DISMAC, S.L. foi comunicada o 18 de agosto de 2025 da finalización do prazo do contrato e mais do inicio da primeira e única prórroga. Sendo a finalización do prazo inicial do contrato o día 5 de novembro de 2025, e o pre-aviso da primeira e única prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, dende o 6 de novembro de 2025 ao 5 de novembro de 2026, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

PROPOSTA

Primeiro.- Polo exposto, considérase conveniente aprobar a primeira e única prórroga do contrato do subministro de material de oficina (Expediente: 160-221) formalizado en data 5 de novembro de 2024 entre o Concello de Vigo e mercantil "PAZ DISMAC, S.L.", polo período comprendido entre o 6 de novembro de 2025 ao 5 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos.

Toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Segundo.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- O importe da primeira e única prórroga ascende a 52.580,86 euros, (sendo a cota correspondente ao IVE de 9.125,60 euros), poderá ser tramitada con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 920.0.220.00.02 (material de oficina, Almacén xeral) ou da súa bolsa de vinculación de acordo ás seguintes cantidades:

- O gasto que representa a primeira e única prorrogas no exercicio económico do ano 2025 ascende a 17.526,96 € (IVE incluído).
- O gasto que representa a primeira e única prorrogas no exercicio económico do ano 2026 ascende a : 35.053,90 € (IVE incluído).

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 55 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira e única prórroga do contrato do subministro de material de oficina (Expediente: 160-221) formalizado en data 5 de novembro de 2024 entre o Concello de Vigo e mercantil "PAZ DISMAC, S.L ", polo período comprendido entre o 6 de novembro de 2025 ao 5 de novembro de 2026, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe total de 52.580,86 euros, (sendo a cota correspondente ao IVE de 9.125,60 euros) a favor da "PAZ DISMAC, S.L" con cargo aos créditos da aplicación orzamentaria 920.0.220.00.02 (material de oficina, Almacén xeral) ou a súa bolsa de vinculación dos orzamentos do Concello de Vigo do anos 2025 e 2025, de acordo ás seguintes cantidades:

- O gasto que representa a primeira e única prórroga no exercicio económico do ano 2025 ascende a 17.526,96 € (IVE incluído).
- O gasto que representa a primeira e única prórroga no exercicio económico do ano 2026 ascende a : 35.053,90 € (IVE incluído).

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa PAZ DISMAC, S.L indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(837).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA OS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLA CONCELLERÍA DE CULTURA. EXPTE. 6199/330.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 56 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Visto o informe xurídico do 08/10/2025 e o informe de fiscalización do 22/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/10/2025, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 28 de xullo do 2025.
- Memoria económica asinada con data 26 de setembro do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 29 de setembro do 2025 (operación RCFUT 12025000125285).
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas asinado con data 29 de setembro do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) asinado con data 29 de setembro do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa asinada con data 29 de setembro do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.
- Informe sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública asinado con data 30 de setembro do 2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado con data 8 de outubro do 2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 57 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Área, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo do 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade asinou con data 28 de xullo do 2025 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, dos servizos de xestión da venda de entradas para os espectáculos e actividades organizados pola Concellería de Cultura.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP, consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP) asinado polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 58 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria. A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 29 de setembro do 2025. Trátase dun expediente de gasto anticipado.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 59 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, dos servizos de xestión da venda de entradas para os espectáculos e actividades organizados pola Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, asinado con data 29 de setembro do 2025 polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, asinado con data 8 de outubro do 2025 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **45.020,32 € (corenta e cinco mil vinte euros con trinta e dous céntimos)**, sendo o iva a soportar pola administración 7.813,44 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.227.99.00 “Xestión de entradas e outros traballos”, segundo o seguinte desglose:

Año 2026 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 22.510,16 €

Año 2027 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 22.510,16 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(838).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO EXPOSITIVO “AS CIDADES DE COLMEIRO”. EXPTE. 6269/330.

Visto o informe xurídico do 10/10/2025 e o informe de fiscalización do 23/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/10/2025, asinado polo xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 3 de outubro do 2025, a “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro” presenta escrito de solicitude de subvención para o financiamento do proxecto expositivo “As Cidades de Colmeiro” con cargo ao orzamento 2025 ; por este motivo, por parte desta xefatura iniciase a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 60 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

tramitación do expediente de subvención polo importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 do orzamento municipal vixente

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO** é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para fomentar o acceso ao público da obra do pintor, fomentar o estudio e investigación da súa obra, impulsar o coñecemento, difusión e investigación da mesma e elaborar un catálogo razoado.

Neste sentido o proxecto obxecto de subvención 2025 “As cidades de Colmeiro” pretende unha lectura do impacto das cidades na obra do pintor Manuel Colmeiro. Para este obxectivo centrarémonos en obras, sobre todo sobre papel desde os seus inicios en Buenos Aires até os anos sesenta: Buenos Aires, Vigo, Lugo, Ourense, Bilbao, París ou Amsterdam serven de escenario e son protagonistas das procuras do artista.

A mostra está dedicada en exclusiva á faceta de debuxante e pretende iluminar aspectos menos coñecidos do artista.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O programa consta de dúas partes:

EXPOSICIÓN

Título: As cidades de Colmeiro

Comisario: Carlos López Bernárdez

Artistas: Manuel Colmeiro

Número de obras: 40, procedentes da colección da Familia Colmeiro e de coleccionistas privados.

Lugar: Vigo, Pinacoteca Fernández del Riego

Datas: Do 25 de novembro do 2025 ao 15 de marzo do 2026

CATÁLOGO

Texto Crítico: Carlos L. Bernárdez.

Idiomas: Galego

Tiraxe: 40 reproducións aproximadamente

Edición dixital.

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 61 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Concello de Vigo: 10.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificación da conta bancaria asinado dixitalmente pola entidade
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Escrito de conformidade co convenio presentado na sede electrónica o día 9 de outubro do 2025 (doc. 250278361)

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro”, para o desenvolvemento do proxecto “**As Cidades de Colmeiro**”, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro”, para o desenvolvemento do proxecto “**As Cidades de Colmeiro**”, axústase ás directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 62 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro”, para o desenvolvemento do proxecto **“As Cidades de Colmeiro”** deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro”, para o desenvolvemento do proxecto “As Cidades de Colmeiro” figura na aplicación 3340.480.00.09. do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas. Estes gastos deberán xustificarse coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 63 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 10.000 € (dez mil euros) á entidade “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro, CIF. G-27859834, para o financiamento do proxecto **“AS CIDADES DE COLMEIRO”**, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.09 “ASOCIACIÓN PINTOR COLMEIRO. COMODATO 2017”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.-Que **de forma excepcional**, polos prazos de tramitación desta subvención, se amplíe o prazo de xustificación de subvencións fixado na base 38ª apartado 11 das bases de execución do orzamento xeral do ano 2025 (expte 90/142), de xeito que neste caso **a data límite de presentación da documentación xustificativa será o 30 de novembro do 2025.**

TERCERO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Amigos do Pintor Colmeiro para o desenvolvemento do proxecto “As cidades de Colmeiro”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

SUBVENCIÓN NOMINATIVA, Á “ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO” PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO EXPOSITIVO “AS CIDADES DE COLMEIRO ” CON CARGO AO ORZAMENTO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 64 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), segundo resolución da Alcaldía do 26 de setembro de 2025 pola que se establecen a estrutura da Administración Municipal e decretos de delegación de competencias genéricas e específicas

Doutra, Dona Alba Corral Colmeiro, titular do DNI 00802517R, na súa condición de presidenta da “Asociación de Amigos do Pintor Colmeiro” (CIF: G-27859834) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na Avenida de Camelias 112, 6º A, CP 36211 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.-A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO é unha asociación sen ánimo de lucro constituída no ano 2018 para fomentar o acceso ao público da obra do pintor Manuel Colmeiro, fomentar o estudo e investigación da súa obra, impulsar o coñecemento, difusión e investigación da mesma e elaborar un catálogo razoado.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da “**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO**”, como medio que é de ensalzar a figura do Pintor Colmeiro.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.489.00.09, como subvención nominativa, a favor da “**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO**”, a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a “**ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO PINTOR COLMEIRO**” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 65 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para o financiamento do proxecto expositivo "*AS CIDADES DE COLMEIRO* " *con cargo ao orzamento 2025*, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 10.000 € (dez mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

O programa consta de dúas partes:

EXPOSICIÓN

Título: As cidades de Colmeiro

Comisario: Carlos López Bernárdez

Artistas: Manuel Colmeiro

Número de obras: 40, procedentes da colección da Familia Colmeiro e de coleccionistas privados.

Lugar: Vigo, Pinacoteca Fernández del Riego

Datas: Do 25 de novembro do 2025 ao 15 de marzo do 2026

CATÁLOGO

Texto Crítico: Carlos L. Bernárdez.

Idiomas: Galego

Tiraxe: 40 reproducións aproximadamente

Edición dixital.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA DONA ALBA CORRAL COLMEIRO, presidenta da entidade.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 66 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
8. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
9. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
10. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou ás doutros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos cales se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 67 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

As entidades beneficiarias teñen a obriga de colaborar co persoal que, no seu caso, desenvolva a/as auditoría/s xestionadas polo Concello de Vigo, prestando a debida colaboración, atendendo aos seus requirimentos e achegando, de selo caso, a documentación complementaria solicitada.

As entidades con personalidade xurídica que non teñan a obriga de levar a contabilidade deberán dispor dun control de ingresos e gastos que sexan imputados á actividade subvencionable.

11. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente declaración responsable asinada o día 20.05.2025 comproméndose a subscripción do seguro de responsabilidade civil que cubra o evento subvencionable e a achegar póliza e recibo de pagamento do mesmo antes do inicio da actividade subvencionada.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA





CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 69 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

abrange a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- a) Solicitud de pagamento da subvención que, de xeito excepcional, polos prazos de execución da actividade subvencionada, a presentación dos xustificantes e rendición de subvencións deberán ser remitidos para a súa comprobación con data límite 30 de novembro do 2025.
- b) Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- c) Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - 3. Memoria de prensa.
 - 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 70 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores á última das actividades financiadas, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 71 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 72 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 73 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO PROXECTO 2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 74 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Seguro de Responsabilidad Civil	178,40 €
Seguro Exposicion, transporte	370,00 €
Transporte y Montaje	600,00 €
Diseño, maquetación y elaboración de Catálogo Digital	3.000,00 €
Web de Colmeiro para alojamiento del Catálogo Digital e información de obra y Biografía ,	1.476,20 €
Enmarcado obras Asorey	1776,85 €
Enrique Touriño fotografías primera parte	986,15 €
Enmarcado de 4 obras más	435,60 €
Enrique Touriño fotografías segunda parte	1176,80 €
TOTAL	10.000,00 €

18(839).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO”. EXPTE. 6473/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/10/2025, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- O concelleiro-delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 16.07.2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil Eptisa Servicios de Ingeniería SL.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Joel Liñares Masid e o arquitecto D. Jesús Aller Mahía.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 08.04.2025 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o mesmo día, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do devandito proxecto.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 75 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

IV.- A actuación localízase na rúa Doutor Carracido. A rúa comeza na súa intersección coa rúa de Urzáiz e esténdese ata a súa confluencia coa avda. de Emilio Martínez Garrido.

As obras a executar son as seguintes:

- Modificación da sección transversal da rúa, establecendo diferentes seccións tipo en función do tramo da rúa e do espazo dispoñible, primando o incremento de dimensións de beirarrúas respecto ao espazo destinado para o tráfico rodado.
- Establecemento dunha nova pavimentación do vial, en consonancia coas rúas próximas, consistente en pavimento de mestura bituminosa sobre base de formigón en calzada, bandas de aparcamento executadas en formigón e beirarrúas de baldosa de formigón de 60x40 cm.
- Adecuación dos pasos de peóns e adaptación dos mesmos á normativa de accesibilidade.
- Renovación da rede de fecais e da rede de pluviais existente na rúa.
- Renovación da rede de abastecemento.
- Renovación da rede de iluminación e instalación de unha nova iluminación tipo LED.
- Establecemento de elementos de mobiliario tales como alcorques, papeleiras, bancos e xardineiras.
- Establecemento dunha rede de rega automática.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) MESES.

V.- A enxeñeira industrial e a enxeñeira de camiños, canais e portos emiten o día 15.10.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

O ámbito das obras está localizado en solo clasificado como solo urbano consolidado e a actuación



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 76 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

recollida no proxecto non afecta as aliñacións representadas nos correspondentes planos nin altera nin modifica o uso previsto nas normas nin o uso actual ao que se destinan na actualidade, tal como indica o proxecto no seu Anexo nº04 – Ordenación urbanística.

As obras atópanse fóra de áreas de protección arqueolóxica tal como indica o informe da Arqueóloga Municipal de data 10/04/2025. Na contorna do proxecto non existen elementos patrimoniais catalogados nin afeccións derivadas da normativa sectorial, a excepción das Servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo, se ben pola natureza das obras, considérase que non afectan á seguridade e a regularidade das operacións das aeronaves, e non precisan autorización, tal como indica o informe da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 10/04/2025. O proxecto indica que a actuación non se engloba nos supostos contemplados na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que non precisa someterse a ningún procedemento de avaliación de impacto ambiental.

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentarias, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo tódolos requisitos exixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente o proxecto presentado para aprobación, “HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO”.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 77 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO”**, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Joel Liñares Masid e o arquitecto D. Jesús Aller Mahía, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CINCO MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS con SETENTA E OITO CÉNTIMOS (2.805.996,78 €), e con sinatura dixital do día 14 de outubro de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(840).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA MONDARIZ”. EXPTE. 6580/443.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/10/2025, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- O concelleiro-delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 12.07.2024 resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa favor da mercantil OTIMA, Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente, SL.

II.- A dita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA**



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 78 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

MONDARIZ", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo Arquitecto Pedro Iglesias Aymerich.

III.- O xefe da Área de Servizos Xerais o día 20.11.2024 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes o día 21.11.2024, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario resolveu iniciar expediente para a aprobación do devandito proxecto.

IV.- A actuación localízase na rúa Mondariz, no barrio de Coia, a vía está situada entre a Avenida Castelao polo norte e a rúa Baiona polo Sur.

Na actualidade a rúa presenta un deseño non amigable co peón, que transita en dirección ao centro educativo implantado na zona e aos establecementos comerciais no oeste do ámbito. A renovación dos servizos tanto soterrados como en superficie será levada a cabo para garantir unhas calidades e uns niveis de confort e seguridade acordes á normativa actual. Tamén se mellora o viario coa reordenación dos espazos tanto de tránsito como de aparcamento.

As obras a executar para solucionar esta problemática enuméranse a continuación:

- Pavimentación do viario mediante un firme de mistura bituminosa en quente de base de saburra e dúas capas de aglomerado en quente sendo a intermedia AC22 e a rodadura AC16.
- Execución dos aparcamentos mediante un firme de formigón con árido visto formado por base de saburra e formigón HF-4.0 con acabado de árido visto.
- As beirarrúas estarán conformadas por pavimento de lousas de granito de 60x40x6cm sobre base de saburra e subbase de formigón HM-20.
- A rede de abastecemento de auga potable será renovada mediante tubaxes de fundición dúctil de diámetros comprendidos entre os 80 mm e os 250 mm, a instalación de válvulas de seccionamento, a colocación dun hidrante, unha ventosa e catro bocas de rego.
- A rede de pluviais será renovada mediante tubaxe PVC 315 mm SN4, pozos de rexistro de HM-20 prefabricados e sumidoiros. En canto á rede de saneamento será executada mediante tubaxe PVC 315 mm SN4 e pozos de rexistro de HM-20 prefabricados.
- En canto á iluminación pública instalaranse 22 columnas nas que se colocarán as luminarias a alturas entre 5 m e 7 m. Executaranse todas as canalizacións eléctricas, arquetas e armarios de mando para o control do servizo de iluminación proxectado.
- Proxectase zonas verdes mediante formación de céspede, plantación de especies arbustivas e plantación de 10 unidades de arbores. Tamén se dotará ás novas zonas verdes de servizo de rego automático.
- Instalaranse 5 bancos e 5 papeleiras

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para o peón, a mellora da seguridade viaria e a renovación dos servizos públicos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais e criterios de seguridade.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CINCO (5) MESES..

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 79 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.- A enxeñeira industrial e a enxeñeira de camiños, canais e portos emiten o día 15.10.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

O ámbito da actuación ten lugar no viario público de titularidade municipal polo que os terreos se atopan a disposición para a execución do proxecto. O solo onde se executarán as actuacións emprázanse no ámbito do do planeamento vixente no Concello de Vigo é a Revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo en data 26/05/2025 (expte. 15313/411), publicado no DOG nº123 de data 30/06/2025, co certificado de inscrición no Rexistro de ordenación do territorio e planeamento urbanístico de Galicia de data 07/07/2025, e publicación no BOP nº146, de data 04/08/2025, coa súa entrada en vigor o 27/08/2025.

A zona de actuación atópase fóra de ámbitos de protección arqueolóxica-patrimonial, o mais próximo é o Edificio Cooperativa San Xosé Obreiro con N° Ficha: A_116 do Catalogo de Ben Culturais do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, estando as actuacións fora do seu contorno de protección.

Tendo en consideración que aínda que as obras propostas atópanse dentro da zona de servidume aeronáutica, Aeroporto de Vigo (RD 584/1972 e o RD 2278/1986 polo que se establecen as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Vigo), as devanditas en ningún momento nin en ningún caso a maquinaria ou elementos auxiliares necesarios durante a execución da obra presentan unha altura superior a xa existente de luminarias e demais elementos que conforman o perfil da zona, en consecuencia, entendese que non é preciso o requirimento da autorización, por non elevar o perfil existente no seu entorno".

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe."

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 80 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA MONDARIZ”, redactado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Ignacio Teijeiro Calvo e polo arquitecto Pedro Iglesias Aymerich, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS OITENTA MIL TRESCENTOS DEZA OITO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (780.318,76€) e con sinatura dixital do día 6 de outubro de 2025.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(841).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNIS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”. EXPTE. 6685/443.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 81 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/10/2025, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS”, de data febreiro de 2025, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás.

II.- O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 27.03.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o mesmo día resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- O día 23.06.2025 remítese ao Servizo Provincial de Costas declaración responsable para a execución do devandito proxecto. O Servizo Provincial de Costas emite informe o día 30.06.2025 indicando o seguinte:

“(…)

Dicha declaración responsable sólo puede amparar obras de reparación, mejora, consolidación y modernización, por motivos de seguridad, siempre que no impliquen aumento de volumen, altura ni superficie de las construcciones existentes.

En cuanto a las actuaciones de ejecución de muro de cierre de hormigón armado con zapata excéntrica a disponer sobre escollera existente y colectores de saneamiento (considerándose que dichas actuaciones no son actuaciones de mejora o reparación de las instalaciones ya existentes), así como para la ejecución de cualquier otra nueva actuación que no se pueda considerar como reparación, mejora o consolidación de lo existente, se requerirá la tramitación del preceptivo título administrativo por parte del órgano Competente, en virtud de lo establecido en el Real Decreto 394/2025, de 13 de mayo, de traspaso de funciones y servicios de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de ordenación y gestión del litoral.”

IV.- Polos arquitectos municipais remítese novamente o proxecto básico e de execución para o “MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS” redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €), e con data da sinatura dixital 22 de setembro de 2025.

V.- Consta no expediente administrativo de referencia, declaración asinado polos propios redactores do proxecto en cuestión que informan o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 82 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

"Pola presente informamos que o Proxecto Básico e de Execución para o Mantemento e Mellora das Condicións do Campo de Fútbol de Samil para garantir a seguridade e integridade dos seus usuarios" asinado dixitalmente o 22.09.2025, cumpre as condicións esixidas polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico no informe asinado con data 30.06.2025.

En concreto, no proxecto modificouse o sistema de cimentación do muro de peche do recinto no linde co río Lagares e suprimíuse a execución de substitución do colector de saneamento que pasa baixo o terreo de xogo con saída ó río Lagares, modificacións solicitadas polo Ministerio."

VI.- A actuación desenvólvese na instalación integrada na parcela municipal con referencia catastral 8426502NG1782N0001RZ, identificada coma "Complexo deportivo de Samil", situada na Avda. Samil nº 32, Vigo.

A parcela que engloba as instalacións deportivas "Complexo Deportivo de Samil" ten superficie aproximada de 26.000,00 m2 e conta cun campo de fútbol de herba artificial de fútbol 11 e unha serie de edificacións nas que se atopan vestiarios, zonas de instalacións e almacéns de material. Conta así mesmo cunha bancada-graderío cuberta nun dos laterais do campo.

O alcance das obras e instalacións proxectadas límitase ó ámbito do terreo de xogo, así como ás instalacións, obras de construción e demais traballos necesarios directamente ligados a el, que sexan precisos para o cumprimento da normativa sectorial aplicable, as boas prácticas e o seu bo uso.

Contémplase a renovación da superficie deportiva de céspede artificial do campo para a práctica deportiva de fútbol en base ás seguintes actuacións:

- Retirada da actual superficie deportiva para a súa xestión coma residuo, con aproveitamento parcial da area de lastrado. O terreo de xogo conta con dúas capas de céspede superpostas que deberán ser retiradas na súa totalidade e unha subbase elástica aplicada in-situ que se atopa pegada ó pavimento asfáltico.
- Instalación dun novo terreo de xogo de céspede artificial de última xeración con base elástica sobre o pavimento existente de aglomerado asfáltico.
- Arranxos puntuais de pequenos afundimentos en varias zonas da base asfáltica co obxecto de conquistar a uniformidade da superficie.
- Renovación da rede de canaletas perimetrais para recollida de augas pluviais, establecendo un circuíto de reaproveitamento que permita o almacenamento e reutilización da auga de rego do campo.
- Renovación integral do circuíto de rego por terse constatado a existencia de fugas no actual sistema, non resultando recomendable a súa reparación dada a súa antigüidade e a dificultade para a localización das mesmas.
- Renovación completa do sistema de alumeado a fin de reducir a demanda de enerxía eléctrica, os custos enerxéticos e os impactos ambientais debidos ó consumo de produtos enerxéticos.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 83 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Execución dun novo peche de parcela na totalidade da lonxitude do campo de fútbol co obxecto de conter as terras que dan soporte ó terreo de xogo e garantir as condicións de seguridade de usuarios. Plantéxase a execución dun murete de formigón armado ancorado ó muro de pedra existente, que teña exactamente ás mesmas dimensións que tiña o muro de soporte que caeu, de tal xeito que non existan incrementos de volume construído na execución desta reconstrución. Este murete conterà as terras da subbase do terreo de xogo e soportará o peche metálico que serve para delimitar a parcela e impedir a caída de balóns ó río.
- Contémplase a renovación dos tramos de adoquín do perímetro do terreo de xogo que se atopan parcialmente afundidos incluíndo a mellora da subbase para conquistar un maior nivel de compactación.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (CENTO VINTE) 120 días.

VI.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 20.10.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

De acordo coas determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, a parcela atópase en Solo Rústico de Protección de Espazo Natural.

As obras previstas neste proxecto non contemplan a modificación dos parámetros urbanísticos e soamente atenden á conservación e mantemento das instalacións deportivas existentes polo que son actuacións permitidas pola normativa urbanística e poden ser autorizadas por outras administracións que exercen as súas competencias sectoriais sobre esta instalación.

Consta no expediente informe do Servizo Provincial de Costas de data 30 de xuño de 2025 e Informe Aclaratorio dos redactores do proxecto acerca das modificacións esixidas por Costas de data 17 de outubro de 2025.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 84 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tívéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *"non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)"*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución para o **"MANTEMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓNS DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAMIL PARA GARANTIR A SEGURIDADE E INTEGRIDADE DOS SEUS USUARIOS"** redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso e D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS NOVENTA MIL TRESCENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (590.334,88 €), e con data da sinatura dixital 22 de setembro de 2025.

ACORDO

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 85 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(842).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “APARCAMENTO NA RÚA MANUEL COMINGES – MATAMÁ”. EXPTE. 2445/441.

Visto o informe xurídico do 21/10/2025 e o informe de fiscalización do 27/10/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/10/2025, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 05.07.2024 resolveu autorizar o gasto para a actualización do proxecto para acondicionamento do entorno do aparcadoiro do futuro pavillón deportivo de Matamá, a favor da empresa favor da mercantil Ingenia Projectos técnicos SL.

2.- A empresa Ingenia Projectos técnicos S.L. presenta o borrador do proxecto de “APARCAMENTO NA RÚA MANUEL COMINGES - MATAMÁ”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos María Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO SESENTA E CATRO MIL TRESCENTOS VINTE E UN EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (1.164.321,30 €).

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal asinado o día 02.09.2025 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución da mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 05.09.2025 aprobou o proxecto de obras de “APARCAMENTO NA RÚA MANUEL COMINGES - MATAMÁ”, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canles e Portos María Ferreiro Nuñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO SESENTA E CATRO MIL TRESCENTOS VINTE E UN EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (1.164.321,30 EUROS) e con sinatura dixital do día 30 de xullo de 2025.. Expte. 6760-443.

4.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 05.09.2025 que se corresponde co expediente administrativo 6760-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado Enxeñeira de Camiños Canles e Portos María Ferreiro Nuñez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola técnica de xestión e polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 09.09.2025.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes o día 09.09.2025.
- D) Memoria económica asinada pola técnica de xestión, polo técnico de administración xeral e xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro da Área de Fomento, Servizos e deportes os días 23 e 24.09.2025.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal o día e 25.09.2025.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais o día 30.09.2025.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 86 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada o día 30.09.2025.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 09.10.2025.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 09.10.2025.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 24.09.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

III.- PROPOSTA

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 87 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEGUNDO: Notificar o contido íntegro do presente acordo a todos os interesados no presente procedemento, significándolle que perante o mesmo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de (1) un mes dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses, contados dende o día seguinte ao da súa notificación e/ou publicación, de conformidade co establecido nos artigos 10,14, e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 240 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais de Patrimonio Municipal, Policía local, Seguridade e Mobilidade, Limpeza, Montes, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Fomento (vías e obras), así como as empresas subministradoras Aqualia, UFD Distribución Electricidad SA, Telefónica. R Cable e Telecable telecomunicacións SAU e Nedgia Galicia SA (gas).

CUARTO: O contido íntegro do presente acordo así como a documentación técnica que o integra estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_infra.php?lang=cas no apartado de proxectos.

Non obstante, o presente informe con proposta de acordo, non é vinculante e o órgano competente, decidirá co seu superior criterio o que estime conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Adxudicación da contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo. Expte. 285498/301.

.- Adxudicación da contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do Nadal 2025-2026. Expte. 11335/106.

.- Adxudicación da contratación do servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública: campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027. Expte. 11251/106.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 241 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

27(848).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 285498/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 30/10/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo (285498-301) (emenda documentación)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que na sesión de 23 de outubro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, a Mesa acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a GRUPO PROBISER, SLU para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia económica e técnica e á integración da solvencia con medios externos, o poder de representación e a sinatura válida da documentación presentada.

Dentro do prazo concedido a licitadora presentou a documentación requirida.

Tendo en conta o anterior, consta presentada a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional, da habilitación profesional) e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP e compromiso e documentación da empresa coa que integra a súa solvencia de que pon os seus medios a disposición do adxudicatario. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 242 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo (285498-301)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto, do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Vigo, que inclúe a xustificación da necesidade do contrato (trámite n.º 6), o Prego de Prescricións Técnicas (trámites núms. 20 e 24) cos Anexo I, II e III de persoal (trámites núms. 21-23), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (trámite n.º 43), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 12-13) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.

SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato (49.507.367,25€, IVE incl.), que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.01 dos orzamentos municipais ("Prestación do servizo de axuda no fogar (SAF)") e á súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades:

- Ano 2025: 1.375.204,65€.
- Ano 2026: 16.502.455,75€.
- Ano 2027: 16.502.455,75€.
- Ano 2028: 15.127.251,10€.

TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 2 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de setembro de 2025, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP:

1. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, SL
2. ÓBOLO SCA DE INTERÉS SOCIAL

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 243 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo (285498-301) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	GRUPO PROBISER	89.86
2	SERVEO SOCIAL, SL	83.61
3	FEPAS	83.50
4	EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA	77.72
5	ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA	58.06
6	SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE, SAU	50.05

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO PROBISER, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atopen vixentes”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO PROBISER, SLU, o día 3 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida o 13 e 13 de outubro de 2025, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión de data 23 de outubro de 2025, comprobada a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, acordou outorgar un prazo de 3 días naturais a GRUPO PROBISER, SLU para que puidera emendar a documentación relativa á solvencia económica e técnica e á integración da solvencia con medios externos, aclaración do poder de representación e a sinatura válida da documentación presentada.

Previa solicitude formulada o 23 de outubro de 2025, concedeuse unha ampliación do prazo concedido, rematando o prazo o 29 de outubro. Durante o prazo concedido a licitadora presenta a documentación.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 244 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- Os certificados de inscrición do licitador e do terceiro no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figuran non estar incursos en prohibición de contratar, obxecto social e poder de representación. Achegan tamén escritura co poder de representación do apoderado do terceiro.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (12.376.841,81 euros), presentan as contas de 2024 tanto do licitador como do terceiro nas que o licitador acredita unha solvencia mínima e o terceiro acredita un importe neto da cifra de negocios que supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (12.376.841,81 euros), presentan certificados de boa execución nos que o licitador acredita unha solvencia mínima e do terceiro acredita un importe neto da cifra de negocios que supera esta cantidade.
- Relación nominal de traballadores (7 traballadores) e declaración de non estar obrigado a contar cun plan de igualdade ni a ter un 2 por cento dos seus empregados con discapacidade.
- Escritura outorgada polo licitador e o terceiro na que que asumen solidariamente a execución do contrato en todo o relativo á integración da solvencia económica e financeira, que ambas responderán da execución do contrato conforme ao previsto no PCAP e no PPTP, que durante toda a duración do contrato o licitador disporá da solvencia e medios do terceiro, que mostra o seu compromiso en firme a este respecto.
- Habilitación profesional mediante a inscrición do licitador nos rexistros de empresas prestadoras de servizos sociais de Valencia, Canarias e Aragón.
- Seguro de caución por un importe de 2.268.432 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Informe da Seguridade Social

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e coa Diputación Foral de Bizcaia, non tendo información do licitador na ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, tendo en conta a xurisprudencia europea (STJUE do 14 de xaneiro de 2016 -C-234/14 "Ostas celtnieks" e a STJUE do 7 de abril de 2016 - C-324/14 "Partner Alpeski Dariusz) así como, entre outras, a resolución nº 448/2024 do TCRC do 4 de abril de 2024, considérase esta correcta, acorda, por unanimidade/maioría dos/as membros presentes coa abstención de xxxxx, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 245 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GRUPO PROBISER, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO PROBISER, SLU, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábles mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábles mediante fórmula, de datas 23 e 29 de setembro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 25 de setembro de 2025, dos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o limiar mínimo de puntuación establecido no apartado 7.A) do Anexo I (FEC) do PCAP:

1. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, SL
2. ÓBOLO SCA DE INTERÉS SOCIAL

Segundo.- Adxudicar a GRUPO PROBISER, SLU o procedemento aberto para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo (285498-301) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 47.183.385,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.814.745,60 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 246 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

- b) *Propón a prestación de 1.500 horas/ano de servizos de podoloxía e perruquería para as persoas usuarias que o precisen, por proposta dos/as responsables municipais do SAF.*
- c) *Propón a realización de limpeza de choque para 15 vivendas/ano, previas ó inicio da prestación do servizo..*
- d) *Propón a realización dun curso teórico-práctico de 4 horas de manexo de axudas técnicas para todo o persoal e durante todo o período do contrato..*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(849).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO DE AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DURANTE AS DATAS DA CAMPAÑA DO NADAL 2025-2026. EXPTE. 11335/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 30/10/2025 e sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do nadal, con especial incidencia nos días dos actos de acendido e apagado e nos días de máxima afluencia durante a campaña do Nadal 2025-2026 (11335-106)

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 247 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto a o servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do nadal, con especial incidencia nos días dos actos de acendido e apagado e nos días de máxima afluencia durante as campañas do nadal 2025-2026, cun orzamento base de licitación sen IVE (por que está excluído de acordo co artigo 20.1.15º da Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido) de OITENTA MIL TRESCENTOS QUINCE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (80.315,16 euros), segundo a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	Importe
2025	64,887.84 €
2026	15,427.32 €
TOTAL	80,315.16 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 09.09.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.09.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 64.887,84 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL" e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL", crédito por importe de 15.427,32 €.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 16 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do nadal, con especial incidencia nos días dos actos de acendido e apagado e nos días de máxima afluencia durante a campaña do Nadal 2025-2026 (11335-106) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 248 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

	Licitador	Puntuación total
1	AMBULANCIAS BANDE, SL	100,00
2	AMBULANCIAS DO NORDÉS, SL	93,36
3	AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, SL	23.43

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS BANDE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AMBULANCIAS BANDE, SL, o día 16 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida os días 22 e 27 de outubro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (no que figuran o obxecto social, poder de representación e DNI do apoderado e os certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social) e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (no que figuran non estar incurso en prohibición de contratar e a clasificación R-2-4).
- A escritura de cese e nomeamento de administrador único.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (56.220,61 euros), acreditan estar en posesión da clasificación R-2-4.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (56.220,61 euros), acreditan estar en posesión da clasificación R-2-4.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 249 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Autoliquidación por un importe de 4.015,76 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificado positivo de estar ao corrente coa ATRIGA.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de setembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AMBULANCIAS BANDE, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AMBULANCIAS BANDE, SL, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 15 de outubro de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 250 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

"Adxudicar a AMBULANCIAS BANDE, SL o procedemento aberto do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do nadal, con especial incidencia nos días dos actos de acendido e apagado e nos días de máxima afluencia durante a campaña do Nadal 2025-2026 (11335-106) coas seguintes condicións:

- a) O prezo do contrato é de 80.315,16 euros (exento de IVE)
- b) Propón unha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3I do Anexo I -FEC- do PCAP do 7%.
- c) Mellora o equipamento de persoal sanitario co que conta a ambulancia soporte vital básico (SVB) mediante a achega dun (1) médico/a en posesión do título universitario de Grao en Medicina ou título de Grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de médico, ou título equivalente homologado ou recoñecido durante os días de alta afluencia.
- d) Propón a substitución nos días de acendido e apagado dunha das ambulancias SVB Tipo B deseñada e equipada para o transporte, tratamento básico e motorización de pacientes, por unha ambulancia tipo SVA Tipo C deseñada e equipada para o transporte, tratamento avanzado e motorización de pacientes.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(850).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REVISIÓN XERAL DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS E REVISIÓN ESPECÍFICA DE INSTALACIÓNS DESMONTABLES E ATRACCIÓNS NA VÍA PÚBLICA: CAMPAÑAS DO NADAL 2025-2026 E 2026-2027. EXPTE. 11251/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 30/10/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 251 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública no Concello de Vigo durante as campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027 (11251-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de setembro de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública no Concello de Vigo durante as Campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E CINCO MIL SETECENTOS SEIS CON OITENTA E TRES EUROS (75.706,83 euros), segundo a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	Total C/IVE
2025	35,437.75 €
2026	38,171.43 €
2027	2,097.65 €
TOTAL	75,706.83 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 09.09.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.09.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 75.706,83 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2270600 "ASISTENCIAS TÉCNICAS" e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 4310.2270600 "ASISTENCIAS TÉCNICAS", crédito por importe de 38.171,43 € e 2.097,65 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 252 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 15 de outubro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública no Concello de Vigo durante as campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027 (11251-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL, SLU	100.00
2	ENMACOSA CONSULTORIA TECNICA, SA	40.00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 18.4 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL, SLU, o día 15 de outubro de 2025, que presenta a documentación requirida o 23 de outubro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (22.712,05 euros), presentan as contas do ano 2024 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 253 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (22.712,05 euros), presentan declaración e facturas nos que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Acreditación da habilitación profesional mediante xustificante de inscrición no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia (ECCOM) e mediante certificados ENAC como organismo de control de instalacións (eléctrica: baixa tensión - equipos a presión - seguridade en caso de incendios, entre outros)
- Formulario de autoliquidación por un importe de 3.128,38 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Xustificante de inscrición do plan de igualdade no rexistro correspondente e contratos de dous traballadores con discapacidade.

Ademais desta documentación, figuran no expediente o certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figuran a declaración de non estar incurso a licitadora en prohibición de contratar, o poder de representación e o obxecto social, e os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 30 de outubro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 254 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

Expte.1968 /1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL, SLU, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de data 14 de outubro de 2025.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a AB-AUCATEL INSPECCIÓN Y CONTROL, SLU o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública no Concello de Vigo durante as campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027 (11251-106) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 75.706,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.139,20 euros cunha porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3I deste FEC do 7,12%.*
- b) *Propón o seguinte incremento das inspeccións normais sobre as mínimas recollidas no PPTP:*

Tipo de montaxe	Inspección esixidas s/PPT por período de nadal	Inspeccións adicionais
<i>Atraccións</i>	<i>44</i>	<i>10</i>
<i>Barracas, casetas e foodtruck</i>	<i>61</i>	<i>10</i>
<i>Carpas e actividades</i>	<i>7</i>	<i>7</i>

- c) *Comprométese a incrementar o número de enxeñeiros a disposición do servizo por enriba do mínimo esixido na cláusula 2.1 do PPTP (4 enxeñeiros) en 2 enxeñeiros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

S.ord.31/10/2025



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2025 14:20	Páxina 255 de 256
1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025	CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(851).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/11/2025 14:20

Páxina 256 de 256

1968-1102 Aprobado por XGL 07/11/2025

CSV: ADA4DA-338E2F-3EE388-5H5UZF-GQWP57-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>